



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 03/05/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do 2018 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 03/07/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 5 de maio de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DOS PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2018.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde –Presidente mediante Resolución núm. 0199-2018 do 26 de abril de 2018 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao primeiro trimestre de 2018 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“(…)PRIMEIRO. Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 303/2015 do 20 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. *Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 49.310,72 € (IVE incluído) correspondente ao 1º trimestre de 2018 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
1º T 2018	19.117,24	19.681,67	444,99	8.151,38	1.915,44	49.310,72

TERCEIRO. *Aprobar o padrón complementario polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 19, 03 € (IVE incluído).*

CUARTO. *Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2018:*

Padrón	Período voluntario de cobro
1º Trimestre 2018	Do 26/04/2018 ao 26/06/2018

QUINTO. *Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.*

SEXTO. *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”*

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante

o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constringimento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 26 de abril de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1244

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno do Concello de Folgoso do Courel en sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2018 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de instalacións, construcións e obras (ICIO), a ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividade económicas (IAE), a modificación da ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) e a ordenanza fiscal da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos.

O devandito acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº 57 de 10 de marzo de 2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, polo que o texto íntegro das Ordenanzas fiscais aprobadas quedan redactados nos seguintes termos:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO LEGAL

De conformidade co disposto no artigo 15 e 59 punto 2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Folgoso do Courel establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se esixirá conforme ao disposto nesta Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivésese ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este municipio.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporta a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos del quen solicite as correspondentes licenzas ou presente a correspondente comunicación previa ou declaración responsable ou quen realice as construcións, instalacións ou obras. Os substitutos do contribuínte poderán repercutir a cota tributaria satisfeita.

3. Os obrigados tributarios que non residan en España terán que nomear un representante con domicilio en territorio español e comunicalo ao Concello no momento de solicitar a respectiva licenza de obra ou urbanística ou presentar a correspondente comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 4º.- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal, o custo de execución material.

Non forman parte da base imponible do imposto, de acordo co establecido no artigo 102.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 5º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estará exenta de pago do imposto, de acordo co establecido no artigo 100.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que ó estaren suxeitas a este, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

2. Segundo o previsto no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artística que xustifiquen tal declaración.

A bonificación outorgarase a solicitude dos interesados, solicitude á que se acompañará memoria que fundamente a concorrencia dos elementos que a xuízo do solicitante fundamenten a bonificación.

A concesión corresponderá ao Pleno da Corporación e o acordo poderá detallar ás condicións ás que se suxeita a aprobación, a súa revisión periódica, e cantos outros condicionantes que se consideren necesarios. O incumprimento das condicións sinaladas no acordo de concesión, poderá motivar a revocación da mesma, así como decretar o reintegro das cotas bonificadas non afectadas pola prescrición.

3. Segundo o previsto no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95 por cento para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. A gradación da porcentaxe da bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 2,00 %.

2. En ningún caso, a cota tributaria pode resultar inferior á cotas mínimas seguintes que serán aplicables, en calquera caso, cando as derivadas da aplicación do tipo determinado no punto 1 deste artigo sexa inferior as cotas mínimas

Obras de carácter maior	75,00 €
Obras menores	30,00 €

Para establecer o carácter maior ou menor das construcións, instalacións ou obras estarase ao disposto na lexislación urbanística.

ARTIGO 7º.- DEVENGO

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se solicitase, concedese ou denegase a correspondente licenza ou cando non se presentase a comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 8º.- XESTIÓN

1.O imposto esixírase en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou a comunicación previa ou declaración responsable, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. A base liquidable provisional será determinada de acordo co custo estimado das obras en función do presuposto presentado que non será inferior ao calculado aplicando os criterios e valoracións contidos no anexo á presente ordenanza. Noutro caso deberá xustificarse o orzamento declarado aportando informe-valoración das obras que inclúa orzamento detallado por unidades de obra a executar con medición e prezos unitarios aplicados, con descomposición de estes en custes de man de obra, materiais, maquinaria e medios auxiliares, con referencia a bases de datos publicadas por organismos oficiais ou colexios profesionais.

2. No momento de concederse a preceptiva licenza ou tomarse razón da comunicación previa ou declaración responsable practícarase unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

3. Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ao que serviu de base impositiva nas liquidacións provisionais, os suxeitos pasivos presentarán certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, e calquera outro documento que consideren oportuno, practicando o Concello a liquidación definitiva oportuna, esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que corresponda.

ARTIGO 9º.- ACTUACIÓNS INSPECTORAS E RÉXIME SANCIONADOR

1.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2.- A inspección e recadación do imposto realizarase conforme ao previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

4.- Nos casos de incumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza, segundo o previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

Facúltase á Alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

1.- As solicitudes de licencias de obras, comunicacións previas ou declaracións responsables rexistradas de entrada no Concello con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, rexeranse integramente polas disposicións da ordenanza fiscal anterior, salvo aqueles aspectos da presente ordenanza cuia aplicación aos interesados poida resultar máis beneficiosa para os mesmos.

2.- As licencias de obras concedidas, comunicacións previas ou declaracións responsables que foran obxecto da liquidación provisional do imposto no momento da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, rexeranse polas disposicións da anterior ordenanza fiscal en todo o relativo á liquidación definitiva do imposto, xestión tributaria e réxime sancionador, salvo aqueles aspectos da presente ordenanza cuia aplicación aos interesados poida resultar máis beneficiosa para os mesmos.

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coas especialidades recollidas na súa disposición transitoria única.

ANEXO. ORZAMENTOS DE EXECUCION MATERIAL MINIMOS DE REFERENCIA PARA CONSTRUCCIONS, INSTALACIONES E OBRAS.

A.1. DEFINICIONS

A1.1. Módulo básico de referencia. Mb

Corresponde ao custe unitario por m² de superficie construída que serve de base para a determinación do orzamento mínimo de referencia en construcións e obras que nos apartados seguintes sexan referenciadas á súa superficie construída. Asemade o seu valor numérico serve de base para a determinación do orzamento mínimo de referencia en construcións e obras que nos apartados seguintes sexan referenciadas á súa lonxitude construída ou o número de unidades executadas.

O módulo básico de referencia se establece en **500,00 €/m²** para o ano 2018. O módulo básico poderá actualizarse por acordo da Xunta de Goberno Local de forma automática anualmente na porcentaxe de variación do Índice ponderado de man de obra e consumo de materiais referido ao total da construción do índice de custes do sector da construción publicado polo ministerio de fomento.

A1.2. Superficie construída por uso de acordo co destino predominante nela. S_i.

Defínese a superficie total construída para un uso determinado como a suma da superficie de cada unha das plantas ou zonas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais exteriores das fachadas, tanto exteriores como interiores, e os eixes de medianeiras compartidas, se é o caso.

Nas plantas baixo cuberta as superficies das zonas accesibles, que polas súas características construtivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser utilizadas, inclúranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,5 metros e valoraranse co uso ao que se destinen.

As superficies exteriores cubertas non pechadas computarán ao 50% para a obtención da superficie construída.

Unha edificación considerarase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, e inclúranse naquel as superficies con destinos minoritarios. Soamente se dividirán en varios puntos cando un dos destinos minoritarios ocupe unha superficie maior do 20% do total, nese caso valorarase independentemente.

A1.3. Superficie executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado. S_o.

Defínese a superficie executada por unidade de obra como a superficie afectada por un determinado tipo de obra medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais exteriores da mesma.

A1.4. Lonxitude executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado. L_o.

Defínese a lonxitude executada por unidade de obra como a lonxitude afectada por un determinado tipo de obra medida dentro dos límites definidos polos puntos extremos da mesma.

A1.5. Numero de unidades de obra de acordo co tipo de obra executado. N_o.

Defínese o número de unidades de obra executadas para un mesmo tipo de obra como o número de veces que se executa unha mesma unidade de obra.

A2. EDIFICACIONES DE CARACTER MAIOR.

A2.1. Ámbito de aplicación

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras terán a consideración de edificacións de carácter maior as definidas no art 2 da LEY 38/199 de 5 de Novembro de Ordenación da edificación.

A1.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.

O orzamento de execución material mínimo de referencia de edificacións de carácter maior obterase en función do módulo básico de construción Mb, do coeficiente de tipoloxía de obra Ct, do coeficiente de uso e da superficie construída para cada uso S_i

A1.3. Coeficiente corrector en función da tipoloxía da obra. Ct.

Establécese un coeficiente corrector do modulo básico de acordo coa tipoloxía da obra de acordo coa seguinte tabla

Tipoloxía de obra	Ct
Obras de nova planta e de ampliación	
Edificación illada	1,00
Edificación adosada	0,90
Obras de rehabilitación	
Rehabilitación integral afectando elementos estruturais	1,00
Rehabilitación conservando a estrutura existente	0,65

A.2.4. Coeficiente corrector en función do uso da edificación. Cu.

Establecese un coeficiente corrector do modulo básico de acordo co uso de acordo coa seguinte tabla

Uso predominante	Cu
Hoteis 5*. Edificios bancarios	1,60
Hoteis 4*. Escolas universitarias.	1,40
Hoteis 3*. Clubs sociais. Cines. Balnearios. Salas de festas. Discotecas.	1,30
Aparthoteis. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Centros de día. Tanatorios. Centros de culto. Matadoiros.	1,20
Vivenda. Hoteis 2*. Residencias universitarias. Moteis. Vivendas ou apartamentos turísticos. Establecementos de turismo rural	1,10
Vivenda de protección oficial. Hoteis 1*. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hostais-residencia. Pensións. Restaurantes. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.	1,00
Bares. Mercados.	0,90
Centro comercial. Bungalós. Servizos campings.	0,80
Locais e establecementos comerciais.	0,70
Piscinas descubertas.	0,65
Garaxes e aparcadoiros. Estacións de servizo.	0,40
Rochos. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico	0,35
Almacéns. Granxas. Naves explotacións agropecuarias. Naves industriais. Depósitos. Bancadas. Panteóns (por nicho)..	0,30
Obras de urbanización (adscribas á edificación). Parcelas campings. ⁽¹⁾	0,10

⁽¹⁾Coeficiente de tipoloxía para obras de nova planta Ct=1

A.2.5. Cálculo do orzamento de execución material mínimo de referencia. OEMb

O orzamento de execución material mínimo de referencia de edificacións de carácter maior obterase en función do módulo básico de construción Mb, do coeficiente de tipoloxía de obra Ct, do coeficiente de uso e da superficie construída para cada uso Si, de acordo coa seguintes fórmula:

$$OEMb = Mb \times Ct \times \Sigma(S_i \times Cu)$$

Sendo $\Sigma(S_i \times Cu)$ o resultado da suma das superficies construtivas para cada uso ponderadas no coeficiente corrector Cu para cada uso tendo en conta o especificado no apartado A.2.4

A3. OBRAS DE DEMOLICION.

A3.1 Ámbito de aplicación

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras estarán incluídas no presente apartado todas as obras de demolición de edificacións e instalacións.

A3.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.

O orzamento de execución material mínimo de referencia das obras de demolición de edificacións obterase en función do módulo básico superficial de construción Mb, e da superficie construída Si sen distinción do uso ao que se adica a edificación de acordo coa seguinte formula.

$$OEMb = 0,02 \times Mb \times S_i$$

A4. EDIFICACIONES E OBRAS DE CARACTER MENOR

A4.1 Ámbito de aplicación

Aos efectos da determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia para establece-la base impositiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras terán a consideración de edificacións ou obras de carácter menor as incluídas nos supostos contemplados no apartado 2 do artigo 14 do Regulamento de Disciplina Urbanística. (decreto 28/199 do 21 de Xaneiro) así como aquelas obras que non estando incluídas no citado artigo e precisando polo tanto proxecto asinado por técnico competente, se relacionen no apartado seguinte.

A4.2. Determinación do orzamento de execución material mínimo de referencia.

O orzamento de execución material mínimo de referencia das obras e edificacións de carácter menor obterase en función do módulo básico de construción Mb ponderado por un coeficiente Co de acordo coa seguinte tabla. e, segundo o caso, da superficie executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado So, da lonxitude executada por unidade de obra de acordo co tipo de obra executado Lo, ou do numero de unidades de obra de acordo co tipo de obra executado No,

No caso de obras compostas por distintas unidades de obra o orzamento total de execución material mínimo de referencia obterase sumando os distintos orzamentos parciais

Obras referenciadas á superficie executada		
Tipo de Obra	Co	€/m2 2018
M2 Construción de galpón, cobertizo ou alpendre aberto	0,200	100,00
M2 Construción de galpón, cobertizo ou alpendre pechado	0,300	150,00
M2 obras de reforma e acond. interior en vivendas e oficinas	0,500	250,00
M2 obras de reforma e acond. interior en locais comerciais	0,560	280,00
M2 obras de reforma e acond. interior en locais hostelería	0,720	360,00
M2 obras de reforma e acond. interior en locais para uso residencial público	0,720	360,00
M2 obras de reforma e acond. interior en locais para outros usos de pública concorrencia	0,720	360,00
M2 obras de reforma e acond. interior en explotacións agropecuarias, almacéns e garaxes	0,150	75,00
M2 Renovación de cubrición sen afecta-lo taboleiro base	0,061	30,50
M2 Rehabilitación de cuberta i/ taboleiro base	0,150	75,00
M2 Renovación de carpintería exterior	0,500	250,00
M2 Instalación de persianas ou rexas exteriores	0,180	90,00
M2 Muro de cachotería	0,230	115,00
M2 Cerramento exterior de fábrica de ladrillo ou bloque	0,075	37,50
M2 Rexuntado/encintado de pedra en fachadas	0,035	17,50
M2 Chapado exterior de lousa ou granito	0,120	60,00
M2 Revestimiento exterior de morteiro de cemento	0,045	22,50
M2 Pintura exterior en fachadas	0,015	7,50
M2 Pavimentación exterior	0,035	17,50
M2 Revestimentos interiores (enfoscado, tendidos)	0,012	6,00
M2 Alicatados interiores	0,070	35,00
M2 Pavimentos interiores	0,070	35,00
M2 Falsos teitos interiores	0,035	17,50
M2 pintura interior	0,008	4,00
M2 reperc. de instalación de fontanería e saneamento en vivenda ou local	0,025	12,50
M2 repercusión de inst. de electricidade en vivenda ou local	0,045	22,50
M2 repercusión de inst. de climatización en vivenda ou local	0,085	42,50
M2 inst. de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos en edificios	0,660	330,00
M2 Piscina	0,650	325,00
M2 Depósito de auga/fosa de purín	0,200	100,00
M2 Muro de contención	0,150	75,00
M2 Marquesiña ou toldo	0,220	110,00
M2 Rotulo ou cartel publicitario	0,600	300,00
M2 Movemento de terras en desmontes, recheos e execuc.de bancais	0,006	3,00

Obras referenciadas á lonxitude executada		
Tipo de Obra	Co	€/m1 2018
M1 Recercado de ocos	0,060	30,00
M1 Varanda de edificación	0,320	160,00
M1 Peche de finca con postes e tela metálica	0,045	22,50
M1 Peche de finca con muro de fábrica ou rexa metálica	0,135	67,50
M1 canalización de evacuación de augas	0,085	42,50
M1 canalización de abastecemento de auga	0,060	30,00
M1 canalización eléctrica	0,060	30,00
M1 liña aérea de baixa tensión	0,040	20,00
M1 rampa salva cunetas i/canalización	0,110	55,00

Obras referenciadas ao numero de unidades executadas		
Tipo de Obra	Co	€/Ud 2018
Ud. Pozo de auga	5,000	2500,00
Ud. Fosa séptica + sistema filtrante i/ red de conexión	3,000	1500,00
Ud. Instalación completa de cociña en vivenda	8,000	4000,00
Ud. Instalación completa de baño ou aseo en vivenda ou local	9,000	4500,00
Ud. Instalación de ascensor en edificio	24,000	12000,00
Ud. Instalación de antena TV en edificio	1,000	500,00
Ud. Instalacións de depósito de combustible	10,000	5000,00
Ud. Instalación de poste	1,200	600,00
Ud. Instalación de colmea i/ base	0,090	45,00

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**ARTIGO 1º.- Remisión á regulación prevista no RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo**

De acordo ó establecido no artigo 59 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Folgoso do Courel establece o imposto sobre actividades económicas, cumprindo así o mandato imperativo contido no dito artigo.

O imposto sobre actividades económicas rexerá neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste, contidas no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) A presente ordenanza fiscal ten por obxecto regular o coeficiente de ponderación e coeficiente de situación do Imposto sobre actividades económicas aplicables neste concello, que quedarán fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes así como as bonificacións potestativas.

ARTIGO 2º.- COEFICIENTE DE PONDERACIÓN

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto, aplicarase, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación, determinados en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo:

Importe neto da cifra de negocios (€)	Coficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do parágrafo 1 do artigo 82 do RDLexislativo 2/2004.

ARTIGO 3º.- BONIFICACIÓNS

Segundo o previsto no artigo 88.2 e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. A gradación da porcentaxe da bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá unha duración máxima de tres anos. O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

DISPOSICION ADICIONAL ÚNICA

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Facúltase á Alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente Ordenanza derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Modifícase o artigo 4 para incluír unha nova modificación, apartado 4, quedando a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, redactada como segue:

Artigo 1

De conformidade co disposto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste Concello, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2

- a) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,4 por cento.
- b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,4 por cento.

Artigo 3.- Exencións

Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécense as seguintes exencións:

a) En aplicación do artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, da Lei reguladora das Facendas Locais, e en razón dos criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo quedarán exentos de tributación do imposto de bens inmobles os recibos e liquidación correspondentes a bens inmobles:

- a. Urbanos cando a súa cota líquida sexa inferior a un euro (1 euro)
- b. Rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos poseídos no termo municipal sexa inferior a un euro (1 euro)
- b) A favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Artigo 4.- Bonificacións

4.1. Bonificacións para actividades económicas de nova creación.

Segundo o previsto no artigo 74.2 quater do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación na cota íntegra do Imposto a favor de inmobles nos que de desenvolvan actividades económicas de nova creación que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación outorgarase a solicitude dos interesados, solicitude á que se acompañará memoria que fundamente a concorrencia dos elementos que ó seu xuízo fundamenten a bonificación acompañada da seguinte documentación:

- NIF da empresa ou empresario
- Acreditación de ser titular dos bens inmobles, tanto da finca como das construcións, edificacións ou instalación nas que se desenvolve de maneira permanente e exclusiva a actividade económica.
- Certificado do Ministerio de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia nin co concello, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante ou indicación da resolución ou acordo municipal de concesión de licenza das construcións, edificacións ou instalacións destinadas de maneira permanente e exclusiva á actividade económica.

A concesión corresponderá ao Pleno da Corporación e o acordo poderá detallar ás condicións ás que se suxeita a aprobación, a súa revisión periódica, e cantos outros condicionantes que se consideren necesarios. O

incumprimento das condicións sinaladas no acordo de concesión, poderá motivar a revocación da mesma, así como decretar o reintegro das cotas bonificadas non afectadas pola prescrición.

A bonificación terá unha duración máxima de cinco anos, aplicándose as seguintes porcentaxes: o 90 por 100 o primeiro ano, o 70 por 100 o segundo ano, o 50 por 100 o terceiro ano, o 30 por 100 o cuarto ano e o 10 por 100 o quinto ano.

4.2 Bonificación para actividades agrarias ou gandeiras

Segundo o previsto no artigo 74.2 quater do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación do 95 por 100 na cota íntegra do Imposto a favor de inmobles nos que de desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación requirirá acordo do pleno adoptado por maioría simple, no que se declare o especial interese ou utilidade municipal, previa solicitude do suxeito pasivo. O acordo poderá detallar ás condicións ás que se suxeita a aprobación, a súa revisión periódica, e cantos outros condicionantes que se consideren necesarios. O beneficiario deberá comunicar o cese da actividade agraria cando esta se produza.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- Certificado de facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.
- Acreditación da titularidade catastral do inmueble.
- Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia nin co concello, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación da actividade correspondente.

4.3 Bonifica para familias numerosas

Segundo o previsto no artigo 74.4 quáter Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación do 90 por 100 da cota íntegra do Imposto a favor dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titular de familia numerosa, sempre que se dean os seguintes requisitos:

- O suxeito pasivo beneficiario deberá estar empadroado no municipio de Folgoso do Courel.
- A bonificación aplicarase á vivenda habitual da familia, entendida como aquela na que figura empadroada a mesma durante todo o ano de aplicación da bonificación pretendida.
- A bonificación concedida manterá a súa vixencia sen necesidade de nova petición salvo supostos de cambio de domicilio, renovación do título de familia numerosa ou cando por cumprimento da maioría de idade dos fillos integrantes da familia, non se dean cos restantes membros a cualificación legal de familia numerosa.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

4.4 Bonificación por fomento do emprego

Segundo o previsto no artigo 103.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95 por cento para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. A gradación da porcentaxe da bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá unha duración máxima de tres anos. O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.

Artigo 5.

No non expresamente previsto na presente ordenanza rexerán os preceptos contidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, concordantes e complementarias da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición Adicional.

O Concello poderá en calquera momento inspeccionar e verificar de oficio o cumprimento dos requisitos establecidos para conceder beneficios fiscais establecidos nesta ordenanza, podendo iniciar o correspondente procedemento para a anulación da bonificación concedida en caso do seu incumprimento.

Disposición Final

A presente modificación da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóveis entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 1, 15 a 19, 20 a 27 e 58 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este concello establece a taxa pola realización de actividades administrativas para a apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. De conformidade con canto se establece polo artigo 20.4 i) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito impoñible a prestación polo Concello da actividade municipal, técnica e administrativa, de control e comprobación a fin de verificar se a actividade se axusta ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial, urbanística e medioambiental así coma as súas modificacións, co fin de procurar que os mesmos teñan as condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade, medio ambientais, acústicas ou calquera outras esixidas polas normas reguladoras do exercicio da actividade de que se trate. Todo iso de acordo coas facultades de intervención administrativa conferidas aos municipios polo artigo 84 e 84.ter da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
2. Aos efectos deste tributo, considéranse suxeitos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza de apertura ou actividade, ou a realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo, senón a comunicación previa ou declaración responsable como, entre outros, os seguintes:
 - a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade agropecuaria, industrial, comercial, profesional ou de servizos, de espectáculos públicos ou recreativas.
 - b) A ampliación de superficie de establecementos con licenza de apertura.
 - c) A ampliación de actividade en establecementos con licenza de apertura.
 - d) A ampliación de actividade con ampliación de superficie en establecementos con licenza de apertura.
 - e) A reforma de establecementos con licenza de apertura, sen cambio de uso.
 - f) A reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo a licenza no seu día, se a licenza non tivese caducado.
 - g) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade na que se realizou a preceptiva comunicación previa.
3. Aos efectos desta taxa, entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto, ou ao aire libre, esta ou non aberto ao público, ou que sexa complemento ou accesorio doutro establecemento, ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades económicas.
4. Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas actividades para as que se solicite licenza de apertura ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

ARTIGO 2.- EXENCIÓNS

Estarán exentos do abono da Taxa os seguintes supostos de traslado de local, sempre que se manteña no novo establecemento a actividade anterior ao traslado:

- a) Como consecuencia de derrubamento
- b) Declaración de estado ruinoso
- c) Expropiación forzosa realizada polo Concello

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares ou responsables da actividade que se pretende desenvolver ou xa se estea desenvolvendo en calquera establecemento industrial, mercantil ou de servizos en xeral, que inicien expediente de solicitude de licenza ou similar para a mesma, ou se é o caso, presenten comunicación previa ou declaración responsable.

ARTIGO 4.- TARIFA

1. Tarifa básica

CONCEPTO	IMPORTE
a) Primeira apertura	180,00 €

2. Coeficientes de incremento pola superficie da actividade:

SUPERFICIE DA ACTIVIDADE	COEFICIENTE INCREMENTO
Menor de 300 m ²	Tarifa básica
De 300 m ² a 500 m ²	1,5
De 500 m ² a 1000 m ²	2
Máis de 1000 m ²	2,5

As actividades que requiran tramitación de incidencia ambiental terán un coeficiente de incremento adicional de 1,5 puntos.

3. Os establecementos e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións substanciais, que alteran e modifican a licenza ou a comunicación previa anterior, abonarán unha cota equivalente á que correspondería por nova implantación. No caso de que a ampliación de superficie, non afecte as instalacións autorizadas, tomarase como superficie a que corresponda á ampliación do establecemento.

Os establecementos e as instalacións propias dos mesmos que sufran modificacións non substanciais, e polo tanto que non alteren ou modifiquen con carácter substancial a licenza ou comunicación previa anterior, abonarán unha cota do 50 por cento que lle correspondese como nova implantación.

4. Incrementaranse as tarifas anteriores por emisión de informes ou outros trámites:

- a) Control sobre rúidos e vibracións: O custo para o Concello
- b) Control sobre vertidos á rede municipal ou a fosa séptica particular: O custo para o Concello.
- c) Calquera outro informe que sexa preceptivo: o custo para o concello.

Igualmente será a costa do solicitante o pago dos anuncios e edictos que regulamentariamente sexan precisos na tramitación do expediente.

ARTIGO 5.- DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura ou comunicación previa ou cando se leve a cabo a actuación inspectora nos casos de regularización de actividades que se estean desenvolvendo sen a correspondente licenza ou declaración responsable.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún xeito pola clausura da actividade, suspensión temporal daquela, desestimento ou renuncia.

Non entanto, se antes de ditarse a correspondente resolución que poña fina ao procedemento de obtención de licenza ou antes de iniciarse o procedemento de inspección, comprobación e control se produce a desistencia da solicitude, por escrito, a cota tributaria reducirase ao 50%.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN

1. Ao tempo de solicitar a correspondente licenza ou presentar a comunicación previa, os interesados procederán a efectuar a correspondente autoliquidación e a ingresar o seu importe na conta habilitada ao efecto.

Finalizada a actividade municipal practícarase, se procede, a liquidación definitiva correspondente que será notificada ao suxeito pasivo.

2. Cando se proceda a apertura do establecemento sen ter aboado a taxa, e a infracción se descubra mediante denuncia ou investigación, a débeda tributaria será liquidada pola Intervención municipal.

3. As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, aos efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa.

4. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola concesión ou non da licenza ou polo resultado da comprobación técnica nas declaracións responsables ou comunicacións previas.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como a determinación de sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolve.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Facúltase á Alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento deste Ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente Ordenanza derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza, en concreto a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos publicada no BOP nº 294 de decembro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Folgo do Courel, 2 de maio de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1227

Anuncio

Aprobada inicialmente a cesión gratuíta á Deputación Provincial de Lugo da edificación e parcela de propiedade municipal sita na R/Colexio s/n Folgo, antigo colexio de Folgo, 27325 Folgo do Courel con referencia catastral nº 000904700PH41F0001HP e finca rexistral nº 2743 do municipio de Folgo do Courel con destino á construción de residencia e centro de día, por Acordo do Pleno de data 27 de abril de 2018, de conformidade cos artigos 110.1 f) do Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro, do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dicho prazo poderá ser examinado por calquera interesado para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. De non producirse alegacións durante o referido prazo a aprobación inicial elevarase a definitiva sen necesidade de novo acordo do Pleno.

Folgo do Courel, 3 de maio de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1228

O INCIO

Anuncio

O Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 13/4/2018, aprobou provisionalmente a modificación das Ordenanzas fiscais seguintes:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública, por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ao de publicación do presente edicto no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O Incio, 25 de abril de 2018.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García.

R. 1229

LUGO

Anuncio

Por Decreto número 18003431, do 26 de abril de 2018, modificouse o Decreto de organización municipal número 16005312, do 5 de xullo de 2016, no que atinxe aos requisitos da figura do titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos, dentro da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, e por acordo número 7/230 da Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2018, nomeouse Director Xeral de Recursos Humanos a don Emilio Manuel Martínez Rivas, o que se fai público para xeral coñecemento coa publicación íntegra das referidas resolucións, de conformidade co previsto nos artigos 57 e 58 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo, e cuxo contido literal figura no Anexo que se acompaña.

Lémbrese que esta publicación está incluída nos supostos de normas exentas de pago de taxas, a teor do disposto no artigo 11.2.a) da Lei 5/2002, de 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias.

Lugo, 3 de maio de 2018.- A ALCALDESA, Lara Méndez López.

ANEXO

A)

DECRETO NÚMERO 18003431 DO 26/04/2018

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López.

Visto o Decreto desta Alcaldía, número 16005312 do 5 de xullo de 2016 -modificado no seu parágrafo OITAVO polo Decreto número 16008543, do 9 de novembro de 2016- no que se resolveu, entre outros aspectos, modificar a organización municipal deste Concello coa creación -dentro da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal- da Dirección Xeral de Recursos Humanos.

E, tendo en conta, que o artigo 57 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo (ROMGA) sinala que no decreto de estrutura da Área correspondente poderá preverse, en atención ás características do posto directivo, que o seu titular ou a súa titular non reúna a condición de funcionario ou funcionaria, motivado na esixencia dunha específica experiencia ou coñecementos técnicos no seu titular, nas características específicas da propia Área ou no feito de que as funcións dun determinado Director ou Directora Xeral non se correspondan coas correlativas en canto a preparación, experiencia, cometidos ou réxime xurídico do persoal sometido ó estatuto funcional, ou outras similares, que deberán ser convenientemente xustificadas.

Esta Alcaldía, de conformidade co artigo 124 da Lei de bases de Réxime Local e concordantes, e tendo en conta que ven sendo habitual neste Concello a designación de órganos directivos na Área de Recursos Humanos esixindo unhas determinadas aptitudes profesionais e de idoneidade, resolve:

Primeiro.- Modificar o Decreto de organización municipal, número 16005312 do 5 de xullo de 2016, no que atinxe á estrutura da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, que quedará configurada do xeito seguinte:

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico;
- proxectos de urbanización;
- intervención na regulación do mercado do solo: patrimonio municipal do solo; rexistro do soares;
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación: licenzas urbanísticas;
- disciplina urbanística;
- proxectos de obras complementarias;

- promoción e xestión de vivendas;
- patrimonio histórico-artístico;
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións;
- arqueoloxía;
- establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal;
- deberes de conservación: ordes de execución, inspección de edificacións e declaracións de ruína;
- arquivo;
- protección do medio ambiente;
- xestión enerxética;
- eficacia enerxética;
- cambio climático;
- xestión de residuos (RSU); servizos de recollida domiciliaria, recollida selectiva e tratamento;
- limpeza viaria;
- parques e xardíns e zonas verdes;
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM);
- Axenda 21 e
- persoal ao servizo da Corporación local.

Polo inxente volume de tarefas que vén asumindo esta área, o seu titular estará asistido por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS –posto directivo creado por acordo número 7/122 da sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2016- non sendo preciso que reúna a condición de funcionario ou funcionaria, coa esixencia dunha específica experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada, ou coñecementos técnicos no seu titular nesa materia, que deberán ser convenientemente xustificadas.

As funcións deste DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS son as que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de recursos humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais:

- Servizo de Urbanismo, Negociado de Planeamento, Negociado de Disciplina e Sección de Xestión; Servizo de Licenzas; Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Servizo de Arqueoloxía e Arquivo; Servizo de Medio Ambiente, Brigada de Parques e Xardíns; Servizo de Persoal e Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA).

Segundo.- Dar traslado desta resolución ás dependencias e grupos municipais e á súa elevación ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Terceiro.- Proceder, na forma regulamentariamente establecida, á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e á súa exposición no Taboleiro de Edictos.

Cúmprase.

B)

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día dous de maio de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7/230 NOMEAMENTO DE DON EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS COMO DIRECTOR XERAL DE RECURSOS HUMANOS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 27 de abril de 2018, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente tramitado e vistos:

1. Acordos números 7/122, do Pleno do 30 de xuño de 2016, polo que se crea un posto directivo da DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS, adscrito á Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal e acordos 9/163 e 10/164, do Pleno do 29 de setembro de 2016, polos que se estimaron parcialmente dous recursos de reposición interpostos contra o acordo 7/122, antes referenciado.

2. Decreto número 16005312 do 5 de xullo de 2016, polo que se inclúe esta nova figura na organización municipal.

3. Acordo número 2/2 do Pleno do 25 de xaneiro de 2018 polo que se aprobou a proposición do Grupo Municipal Popular, número 4/2018 de Rexistro de Pleno, que resolveu suprimir o posto directivo de Dirección Xeral de Recursos Humanos.

4. Informes da Secretaría Xeral do Pleno e da Asesoría Xurídica, do 21 de febreiro de 2018, obrantes no expediente.

5. Certificado da Tesoureira Municipal do 27 de abril de 2018, expresivo da existencia de consignación orzamentaria para o posto de Director Xeral de Recursos Humanos.

6. Decreto número 18003431, do 26 de abril de 2018, polo que se modifica o Decreto de organización municipal, número 16005312 do 5 de xullo de 2016, no que atinxe á esixencia dunha específica experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada, no titular do posto de Director Xeral de Recursos Humanos.

7. Curriculum vitae presentado por don Emilio Manuel Martínez Rivas, acreditativo do cumprimento do requisito de específica experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto nos artigos 130.3 e 127.1.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e artigo 57 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración Municipal.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta da Alcaldía, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS),

ACORDA:

PRIMEIRO.- Nomear a DON EMILIO MANUEL MARTÍNEZ RIVAS Director Xeral de Recursos Humanos -con efectos dende a súa toma de posesión-, atribuíndolle as competencias en materia de persoal e coas funcións establecidas no artigo 56 do ROMGA, concretadas nos acordos plenarios 7/122 do Pleno do 30 de xuño de 2016, e 9/163 e 10/164, do Pleno do 29 de setembro de 2016, respectando as propias do persoal adscrito ao Servizo de Persoal.

En todo caso, percibirá as retribucións fixadas no referido acordo plenario número 7/122.

SEGUNDO.- Proceder á tramitación legal e regulamentariamente establecida e á súa publicación no BOP.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo ranscrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm.a Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta da Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

R. 1245

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03/05/2018, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a ABRIL de 2018, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, a 3 de maio de 2018.- ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 1250

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 2 de maio de 2018 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, do persoal laboral temporal que máis abaixo se relaciona:

1 xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2018 (3 meses)

1 peón - conductor de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2018 (3 meses).

3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2018 (3 meses).

3 conductores para a prestación do servizo municipal de motobomba, a xornada completa, para a campaña de incendios 2018 (2,5 meses).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: empregovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org.

O Vicedo, 2 de maio de 2018.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1230

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª BILAL KARRACH contra FERNANDO LUCAS CARRAL, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000347 /2016 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a FERNANDO LUCAS CARRAL**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 17 de marzo de 2020 a las 10.30 horas** en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio a las 10.40 horas del citado día** pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **FERNANDO LUCAS CARRAL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a veintisiete de abril de dos mil dieciocho.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACION**

R. 1183
